

## 1º BACHARELATO (común ou propia da modalidade)

ASIGNATURA/MÓDULO	Tecnoloxía Industrial 1	Cód.	
CURSO E GRUPO	1º Bacharelato (1 grupo)		
PROFESOR/A (ES/AS)	D. Ángel Fernández Fernández		
LIBRO DE TEXTO Data de Autorización	Editorial McGraw-Hill F. Silva - J. E. Sanz Junio 2.004	Autor:	

### Obxectivos xerais do curso

- Adquirir os coñecementos necesarios e empregar estes e os adquiridos noutras áreas para a comprensión e análise de máquinas e sistemas técnicos.
- Comprender o papel da enerxía nos procesos tecnolóxicos, assimilar as súas distintas transformacións e aplicacións e adoptar actitudes de aforro e valoración da eficiencia enerxética.
- Comprender e explicar cómo se organizan e desenvolven procesos tecnolóxicos concretos, identificar e describir as técnicas e os factores económicos e sociais que concorren en cada caso.
- Analizar de forma sistemática aparatos e produtos da actividade técnica para explicar o seu funcionamento, utilización e forma de control, así como avaliar a súa calidade.
- Valorar criticamente e aplicar os coñecementos adquiridos, as repercusións da actividade tecnolóxica na vida cotiá e a calidade de vida, manifestando e argumentando as súas ideas e opinións.
- Expresar con precisión as súas ideas e opinións sobre procesos ou produtos tecnolóxicos concretos e utilizar vocabulario, símbolos e formas de expresión apropiadas.
- Participar na planificación e desenvolvemento de proxectos técnicos en equipo, achegando ideas e opinións, responsabilizándose de tarefas e cumprindo os seus compromisos.
- Actuar con autonomía e confianza ó inspeccionar, manipular e intervir en máquinas, sistemas e procesos técnicos co fin de comprender o seu funcionamento.

### Contidos (unidades didácticas) temporalizados por avaliacións

1ª AVALIACIÓN:

#### BLOQUE 1. O PROCESO E OS PRODUCTOS DA TECNOLOXÍA

##### UNIDADE 1. O MERCADO E A ACTIVIDADE PRODUCTIVA.

- Sistemas económicos. Características.
- O mercado. Leis. Tipos de mercado. A oferta e a demanda.
- Sectores productivos.
- Participación da muller nos sectores productivos.
- Clasificación das empresas. Estructura interna dunha empresa.
- Tecnoloxía na empresa. Parques tecnolóxicos. Proxectos I+D+I.

##### UNIDADE 2. DESEÑO E MELLORA DE PRODUCTOS.

- Fases do proceso productivo.
- Estudio de mercado (fase 1): fontes de información, investigación, análise de mercado, títulos de propiedade industrial.
- Desenvolvemento (fase 2): deseño, fabricación de maquetas, fabricación de prototipos, normalización,

Memoria de	Asignatura / módulo	Curso académico	Páxina 28 de 59
------------	---------------------	-----------------	-----------------

proxecto técnico.

- Planificación de produción (fase 3): listado de fases, diagramas de fluxo, exemplificacións.

#### UNIDADE 3. FABRICACIÓN E COMERCIALIZACIÓN DE PRODUCTOS.

- Fabricación de produtos (fase 4): aprovisionamento de materiais, procesos de fabricación.
- Prevención de riscos laborais.
- Repercusións medioambientais dos sistemas productivos.
- Xestión da calidade
- Control de calidade.
- Empaquetado e almacenamento de produtos.
- Comercialización e reciclaxe de produtos (fase 5): mercadotecnia, publicidade (estratexias e medios), venda, distribución, dereitos e deberes dos consumidores, reciclaxe de produtos.

### BLOQUE 2. RECURSOS ENERXÉTICOS

#### UNIDADE 4. A ENERXÍA E A SÚA TRANSFORMACIÓN.

- Relación entre ciencia, tecnoloxía e técnica.
- Sistemas de unidades.
- Concepto de enerxía. Unidades.
- Formas de manifestarse a enerxía.
- Transformacións enerxéticas: consumo e rendemento. Aforro enerxético..

#### UNIDADE 5. ENERXÍAS NON RENOVABLES.

- Fontes de enerxía primarias e secundarias.
- Combustibles fósiles:
  - Carbón. Tipos. Aplicacións. Produtos derivados. Funcionamento dunha central térmica. Sectorización. Carbón e medioambiente. Tratamento de residuos.
  - Petróleo. Orixe. Pozos. Refinerías. Produtos obtidos. Petróleo e medioambiente. Tratamento de residuos.
- Enerxía nuclear. Fisión. Compoñentes dunha central. Fusión. Impacto medioambiental. Tratamento de residuos.

#### UNIDADE 6. ENERXÍAS RENOVABLES.

- Enerxía hidráulica. Compoñentes, potencia e enerxía obtida nunha central hidráulica.
- Tipos de centrais Enerxía hidráulica e medio ambiente.
- Enerxía solar:
  - Aproveitamento: colectores planos, aproveitamento pasivo, campo de helióstatos, colectores cilíndrico-parabólicos, forno solar e placas fotovoltaicas.
- Enerxía eólica:
  - Clasificación das máquinas eólicas. Cálculo da enerxía xerada nunha aeroturbina.
  - Biomasa, Enerxía xeotérmica, Enerxía mareomotriz, Residuos sólidos urbanos, Enerxía das ondas.

#### UNIDADE 7. A ENERXÍA NO NOSO CONTORNO.

- Xeración, transporte e distribución de enerxía eléctrica.
- Coxeneración. Definición. Sistemas.
- Análise dunha instalación sinxela de transformación de enerxía eléctrica: transformador.
- Enerxías alternativas na vivenda e de apoio á industria.
- Deseño da instalación.
- Selección da enerxía máis adecuada.
- Custo enerxético na vivenda. Aforro enerxético.

### 2ª AVALIACIÓN:

### BLOQUE 3. MATERIAIS

#### UNIDADE 8. OS MATERIAIS: TIPOS E PROPIEDADES.

- Clasificación dos materiais.
- Propiedades máis importantes dos materiais.
- Esforzos físicos. Introducción ós ensaios de materiais.
- Residuos industriais: inertes, tóxicos e perigosos.

#### UNIDADE 9. METAIS FERROSOS.

- Metais ferrosos ou férricos:

Memoria de	Asignatura / módulo	Curso académico	Páxina 29 de 59
------------	---------------------	-----------------	-----------------

- Proceso de obtención do aceiro e outros produtos ferrosos: materia prima, forno alto, convertedor e forno eléctrico.
- Produtos ferrosos: clasificación e diagrama de ferro-carbono.
- Presentacións comerciais do aceiro.
- Fundicións: tipos e propiedades.
- Impacto medioambiental producido polos produtos ferrosos.

#### UNIDADE 10. METAIS NON FERROSOS.

- Clasificación. Características, obtención, aliaxes e aplicacións máis importantes.
- Pesados: estaño, cobre, cinc e chumbo.
- Lixeiros: aluminio e titanio.
- Ultralixeiros: magnesio.
- Impacto medioambiental durante a extracción, obtención e reciclaxe de produtos non ferrosos.

#### UNIDADE 11. OUTROS MATERIAIS DE USO INDUSTRIAL.

- Plásticos ou polímeros: materia prima, compoñentes aditivos, tipos, conformación de plásticos e plásticos compostos.
- Fibras téxtiles. Elastómeros. A madeira. O papel. A cortiza. O vidro. Materiais cerámicos. Xeso.

### BLOQUE 4. ELEMENTOS DE MÁQUINAS

#### UNIDADE 12. ELEMENTOS MECÁNICOS TRANSMISORES DO MOVEMENTO.

- Elementos motrices.
- Elementos de máquinas.
- Elementos transmisores de movemento.
- Axustes entre árbores.
- Transmisión por fricción, mediante poleas e correas, por engrenaxes. Cálculos.
- Cadeas cinemáticas. Representación. Cálculos.
- Relación entre potencia e par.
- Rendemento de máquinas.
- Normas de seguridade e uso de elementos mecánicos.

#### UNIDADE 13. ELEMENTOS MECÁNICOS TRANSFORMADORES DO MOVEMENTO.

- Elementos transformadores do movemento: Piñón-cremalleira, Parafuso-porca, Leva e excéntrica, Biela-manivela. Émbolo, Trinquete, Roda libre.
- Elementos mecánicos de unión
- Unión desmontable: bulóns, parafusos de unión, prisioneiros, espárragos, porlóns, parafusos de rosca cortante e tirafondos, pasadores, chavetas, lingüetas, etc.
- Unión fixa: remaches, adhesivo, soldadura e unión forzada

#### UNIDADE 14. ELEMENTOS MECÁNICOS AUXILIARES.

- Acumuladores de enerxía: volantes de inercia e elementos elásticos.
- Elementos disipadores de enerxía (freos) de: zapata, disco, tambor e eléctricos. Sistemas de accionamento.
- Embragues de: dentes, disco, cónicos e hidráulicos.
- Outros elementos mecánicos: soportes, chumaceiras de fricción e rodamentos.
- Lubricación de máquinas: manual, a presión e por barboteo.
- Identificación de mecanismos en máquinas reais.
- Normas de seguridade e uso de elementos mecánicos.

### 3ª AVALIACIÓN:

#### UNIDADE 15. CIRCUÍTOS ELÉCTRICOS DE CORRENTE CONTINUA.

- O circuito eléctrico. Características.
- Magnitudes eléctricas: intensidade, voltaxe e resistencia eléctrica. Lei de Ohm. Enerxía e potencia eléctrica.
- Elementos dun circuito. Axuste de xeradores e receptores. Elementos de control. Elementos de protección.
- Leis de Kirchhoff aplicadas a unha malla e a varias mallas.
- Distribución da enerxía eléctrica.
- Simbología e esquemas eléctricos. Interpretación de planos.
- Circuitos eléctricos domésticos.

Memoria de	Asignatura / módulo	Curso académico	Páxina 30 de 59
------------	---------------------	-----------------	-----------------

- Montaxe e experimentación de circuitos eléctricos de CC.
- Normas de seguridade en instalacións eléctricas.

#### UNIDADE 16. CIRCUÍTOS PNEUMÁTICOS E OLEOHIDRÁULICOS.

- O circuito pneumático. Magnitudes e unidades.
- Elementos dun circuito.
- Simbología pneumática. Montaxe e experimentación con circuitos pneumáticos.
- Circuitos oleohidráulicos: Elementos principais, Magnitudes.
- Circuitos oleohidráulicos básicos.

#### BLOQUE 5. PROCESOS DE FABRICACIÓN

##### UNIDADE 17. CONFORMACIÓN DE PEZAS SEN ARRANQUE DE LABRA.

- Fabricación de pezas por unión: ensamblado e tecidos.
- Conformación por fusión: coada por gravidade, sobre moldes de area, á cera perdida, en molde que xira e coada continua.
- Laminación en quente e en frío.
- Forma en quente e en frío.
- Fabricación mediante corte: corte, cizallado e troquelado.
- Control do proceso de fabricación e calidade da obra: concepto de tolerancia, posición da tolerancia, indicación da posición, tipos de axustes e instrumentos de medida.
- Impacto medioambiental dos procedementos de fabricación

##### UNIDADE 18. FABRICACIÓN DE PEZAS POR ARRANQUE DE LABRA

- Serradura. Características e técnicas.
- Limado.
- Concepto de rosca. Características dunha rosca. Sistema de roscas e identificación. Fabricación de parafusos e porcas.
- Mecanizado de pezas mediante máquinas-ferramentas.
- Trade: fixación da peza, cálculo do numero de revolucións (rpm).
- Torno. Principio de funcionamento. Formas das pezas a obter.
- Cepilladora e lixadora. Características.
- Fresadora. Limadora e rectificadora.
- Fabricación de pezas mediante separación por calor.
- Oxicorte. Fío quente. Plasma e láser.
- Fabricación totalmente automatizada mediante CNC.
- Melloras técnicas de produtos acabados.
- Desenvolvemento de produtos.

### Contidos mínimos esixibles

- O mercado. Oferta e demanda
- Control de calidade. Normalización
- Concepto de enerxía. Unidades de enerxía. Formas de manifestarse a enerxía. Transformacións enerxéticas.
- Clasificación das fontes de enerxía. Combustibles fósiles. Enerxía nuclear.
- Enerxía hidráulica. Enerxías alternativas.
- Importancia dos materiais
- Clasificación dos materiais.
- Metais ferrosos. Procesos de obtención do aceiro : siderurxia. Produtos férreos.
- Metais non ferrosos: cobre, estaño, chumbo, aluminio, titanio, magnesio.
- Plásticos. Fabricación. Aditivos. Tipos. Procesos de conformación de produtos plásticos. Elastómeros.
- A madeira. Materiais pétreos. Vidro. Cerámicas. Xesos. Cemento.
- Elementos transmisores do movemento: árbore de transmisión, transmisión por fricción, por engraxes, por cadea.
- Elementos transformadores do movemento: trinquetes, embrague, roda libre, cruz de malta, piñón-cremallera, émbolo, biela, leva e excéntrica, parafuso e porca.
- Circuitos eléctricos
- Elementos básicos dun circuito pneumático e hidráulico
- Procedementos de fabricación por deformación, por separación.

Memoria de	Asignatura / módulo	Curso académico	Páxina 31 de 59
------------	---------------------	-----------------	-----------------

- Tipos de unións. Unións desmontables. Unións fixas.

## Metodoloxía didáctica

En canto á metodoloxía terase en conta:

1. Enfoque interdisciplinar. Que anime ós alumnos e alumnas a interrelacionar contidos procedentes doutras fontes de coñecemento, tales como:

- Outras materias, como as matemáticas, física, química, etc.
- Temas científico-tecnolóxicos de actualidade, como poden ser novos descubrimentos, materiais, técnicas, etc., relacionados co tema obxecto de estudio.
- Temas transversais, como a educación para a saúde, educación ambiental, etc.

2. Enfoque constructivista. Que leve a un maior protagonismo do alumnado no proceso de aprendizaxe. Para iso pódese establecer un esquema de traballo que nos conduza a:

- Coñecer os coñecementos previos que ten o alumnado antes de tratar un tema determinado.
- Descubrir os intereses do alumnado en relación cun determinado bloque de contidos.
- Contribuír á aparición de «conflictos cognitivos» que contribúan a unha madurez persoal, social e moral do alumnado.
- Animar ós nosos alumnos a que opinen sobre diferentes actividades tecnolóxicas actuais, tales como: Consumo enerxético e contaminación do medioambiente.

Desenvolvemento sostible e benestar social.

Avance industrial e impacto ambiental.

- Potenciar actividades de grupo, realizando proxectos e construíndo maquetas e prototipos.

Trátase, en todo momento, de manter unha actitude activa do alumnado no seu proceso de aprendizaxe mediante:

- Actividades individuais, nas que terá que reflexionar, estudar e realizar diferentes exercicios.
- Participación en coloquios, dentro da aula, a través de ponencias, suxestións e puntos de vista ou pareceres, contribuíndo a crear climas de traballo e aprendizaxe agradables.
- Participación en grupos de traballo, onde terán que acadar consensos e poñerse de acordo para levar a cabo a distribución de tarefas dentro do grupo no referente a lectura e selección de material bibliográfico, posta en común, aplicación desa información á execución dun proxecto (deseño, distribución e fabricación de prototipos).

Así mesmo, haberá actividades cun obxectivo final que non sexa a fabricación de ningún prototipo, senón a elaboración de material sobre un tema tecnolóxico concreto.

Ó longo de cada tema proporanse unha gran cantidade de actividades que o alumnado pode ir realizando día a día, dentro ou fóra da aula. Ó final de cada tema proporanse actividades, clasificadas en tres grupos ou graos de dificultade:

- Para repasar (nivel básico). Teñen como obxectivo principal reforzar a aprendizaxe de contidos sinxelos
- Para afianzar (nivel medio). Trátase de actividades de indagación a resposta das cales esixe unha reflexión ou busca de información noutras fontes distintas ó libro de texto.
- Para profundar (nivel avanzado). Aquí, a resolución das actividades, esixe un alto grao de coñecementos e capacidades. Nalgúns casos trátase de busca, selección e adopción da información máis adecuada, de acordo cunhas esixencias requiridas.

Esta forma de organizar as actividades complementarias pode contribuír a unha mellor adaptación ós diferentes niveis de capacidades dos distintos alumnos, facilitando a atención á diversidade.

## Procedementos de avaliación

Os principais instrumentos que se empregarán para avaliar o proceso de ensinanza-aprendizaxe son os seguintes:

- Actitude do alumnado na aula.
- Exercicios e cuestións propostas ó final de cada unidade.
- Experiencias e proxectos técnicos.
- Traballos de investigación individual sobre un tema relacionado cos contidos que se traten no proxecto.
- Probas escritas onde o alumnado reflexará os contidos de tipo conceptual adquiridos. En cada avaliación procurarase realizar 2 probas e calcularase a nota media entre ambas sempre e cando o alumno obteña una nota igual o superior a 4 puntos. Aqueles alumnos que non acaden unha nota mínima de 5 poderán realizar una recuperación da parte ou partes suspensas ó término de cada avaliación. Tamén haberá exames de recuperación en Xuño e Setembro.

Memoria de	Asignatura / módulo	Curso académico	Páxina 32 de 59
------------	---------------------	-----------------	-----------------

Para o cálculo da nota numérica que asignará a cada alumno terase en conta os seguintes aspectos:

- Caderno de clase e actividades individuais: 5 %
- Traballo de investigación: 10 %
- Proba escrita: 75%
- Asistencia, puntualidade e comportamento: 10 %

Sí por algunha circunstancia nalgunha avaliación non se realizase proxecto ou traballo, esta porcentaxe sumarse á nota de exame.

## **Actividades de recuperación e reforzo para alumnos/as coa materia ou módulo pendente**

O profesor propoñerlle actividades relacionadas cos contidos de cada unha das unidades didácticas que o alumnos deberá realizar en casa para logo ser comentados e corrixidos. Ademais o alumno terá dereito a realizar os correspondentes exames de recuperación. Neste sentido, realizaranse dous controis e un exame final. Así mesmo, se se considera oportuno suscitarse ao alumnado a elaboración de traballos cuxa cualificación será considerada para a nota final.

## **Materiais e recursos didácticos**

O profesor empregará o libro de texto indicado. Loxicamente o simple manexo do libro de texto non será suficiente no proceso de ensino-aprendizaxe, o labor do profesor será fundamental xa que introducirá ao alumno nos novos coñecementos que se suscitan en cada unidade, complementará as explicacións do manual a través de lectura de textos adecuados en cada caso, elaborará esquemas, actuará como moderador nos debates que se organicen, suscitará todo tipo de actividades....

Aula de taller dotada de ferramentas e máquinas adecuadas.

Aula de informática (máximo 2 alumnos por ordenador).

Materiais, instrumentos de medida.

Manexo da bibliografía adecuada para os contidos da asignatura. Medios audiovisuais: televisión, vídeo e retroproyector para transparencias.

Lectura de revistas especializadas.

Consultar a información tecnolóxica dispoñible a través de Internet.

## **Temas transversais**

Educación ambiental:

O estudo crítico e a análise reflexivo efectuado polo alumnado, ao longo dos diferentes blocos de contidos durante o curso, debe contribuir a criar unha conciencia cidadána na que prevaleza a necesidade de preservar os medios naturais e medioambientais así como a racionalizar o uso da enerxía e os recursos, de tal forma que poda existir un equilibrio no que se poda afirmar que progreso non é sinónimo de destrución do medioambiente.

Educación do consumidor:

Dado que a maioría dos produtos que consumimos se orixinan a través dun proceso tecnolóxico, semella conveniente que o planteamento desde esta materia poda ter unha maior incidencia sobre o alumnado.

Educación para a saúde:

En moitos dos temas dos distintos blocos, aparecen referencias sobre as normas de hixiene e seguranza no traballo, así como sobre as precaucións necesarias no emprego de determinadas ferramentas, máquinas ou sistemas.

En consecuencia este tema pode ser tratado:

- Pontoalmente, a medida que se desenvolven os contidos conceptuais ou procedimentais correspondientes.
- Mediante o estudo, reflexión e debate de un tema determinado, en relación coa saúde, motivado por algun acontecemento especial.

Educación para a igualdade de oportunidades de ambos sexos:

A discriminación ou adjudicación de tarefas no traballo, por razóns de sexo, foi e segue sendo na actualidade un feito real que afecta especialmente a determinados sectores da nosa sociedade; por iso consideramos que desde o aula de tecnoloxía temos unha grande ocasión para concienciar ao alumnado sobre a igualdade de oportunidades entre rapaces e rapaces

Memoria de	Asignatura / módulo	Curso académico	Páxina 33 de 59
------------	---------------------	-----------------	-----------------

Dita labor pode-se levar a cabo de diferentes maneiras:

a) Dentro da formación de grupos e traballo en equipa:

- Potenciando a integración da muller en tarefas que tradicionalmente foron realizadas por homes.
- Formando grupos mistos de traballo.
- Distribuindo tarefas entre o alumnado que rompan cos estereotipos sexistas.
- Segurando ao acceso de alumnos-as en igualdade de condicións ao uso de máquinas e materiais.

b) En relación ás persoas implicadas:

- Orientación profesional non tipificada.
- Sancionando as agresions verbais e físicas entre os sexos, tal e como se contempla no regulamento sobre os dereitos e deberes dos alumnos.

## Actividades complementarias e extraescolares previstas

Se ben non están aínda definidas o mais probabel é que se trate de excursions a fábricas ou empresas que realicen unha actividade industrial. O mais probabel é que se realice unha visita á factoría que Peugeot-Citröen ten en Vigo.

## Medidas de atención á diversidade

Son varios os recursos empregados para atender á diversidade do alumnado que segue o curso Tecnoloxía, entre eles cabe resaltar:

- Realización dun elevado número de actividades de carácter aberto, en moitos casos de tipo individual e, noutros, en equipo, no que o alumnado ten que buscar e seleccionar información. Todo iso lévase a cabo a través das actividades propostas ao final de cada bloque, nas que os alumnos poderán aplicar os seus coñecementos, discutir sobre temas relacionados co tema e realizar actividades prácticas no taller.
- Integración de alumnos/as, con necesidades educativas especiais en grupos de traballo mixtos e diversos, con obxecto de que en ningún momento poidanse sentir discriminados, ao mesmo tempo que o profesor procurará fornecellos o apoio que demanden así como o estímulo que considere oportuno con obxecto de reforzar esa integración.
- A través da lectura de material complementario ( libros de divulgación científica sobre o tema tratado, documentación técnica, folletos, catálogos.. etc.) que se atope na biblioteca.
- A realización de actividades complementarias, entre as que se inclúen visitas a fábricas do entorno do centro escolar, que van reforzar a aprendizaxe dos contidos.
- Adaptación da programación, delimitando aqueles contidos que sexan imprescindibles, así como aqueles que contribúan ao desenvolvemento de capacidades xerais.

Memoria de	Asignatura / módulo	Curso académico	Páxina 34 de 59
------------	---------------------	-----------------	-----------------

## Observacións ou outras consideracións

### NORMAS XERAIS PARA A ASIGNATURA DE TECNOLOXIA.

A continuación indican-se unhas normas de carácter xeral aplicabeis a calquera dos cursos nos que se imparte a asignatura. Estas normas serán postas en coñecemento dos alumnos/as ao principio do presente curso.

- 1.- Non se poderá mastigar chicle durante a clase, xa sexa ésta na aula ou no taller.
- 2.- Calquera alumno/a que ao longo da avaliación fose amonestado por escrito poderá suspender (segundo criterio do profesor) dita avaliación.
- 3.- Os traballos que se realicen ao longo do curso terán que ser entregados na data establecida, non sendo recollidos e polo tanto, calificados con un 0, os traballos entregados en datas posteriores.
- 4.- Serán consideradas como faltas obxecto de amonestación as seguintes:
  - Falta de respecto do alumno/a, entendendo-se como tal a insultos, burlas, etc..., cara o profesor ou calquera dos seus compañeiros/as.
  - O amolar ao profesor ou calquera dos compañeiros/as ao longo dunha explicación.
  - A reiteración na falta de puntualidade á hora de entrar na aula ou taller.
  - O causar de forma intencionada danos no material do aula ou o taller.
  - O pór en perigo aos demais compañeiros/as por un uso irresponsábel de máquinas e ferramentas no taller de tecnoloxía.
  - O desobedecer directamente ao profesor.
  - Abandonar o aula ou o taller sen permiso.
  - O non guardar ordenadamente o equipo unha vez utilizado.
- 5.- As datas das probas escritas serán establecidas con unha antelación mínima de dúas semanas, o delegado/a en colaboración co profesor marcarán as datas para ditas probas.
- 6.- As probas escritas terán que presentar-se con letra clara, limpas e sen faltas. O profesor poderá non corrixir ditas probas (e portanto calificarlas con 0) se considera que o número de faltas e a presentación non son as que corresponden a alumnos/as dese nivel.
- 7.- Cada grupo será responsábel do material que ten asignado polo que responderá da súa conservación e cuidado.
- 8.- Non se permitirá o ter o teléfono móbil aceso no aula ou no taller. A calquera alumno/a que contraveña o anterior se lle retirará o aparello até que algun dos seus pais ou tutores veñan a recollé-lo persoalmente ao Centro.

Memoria de	Asignatura / módulo	Curso académico	Páxina 59 de 59
------------	---------------------	-----------------	-----------------